

vincial que, baixo a dependencia da dirección do instituto e dos órganos de xestión centrais, desenvolverán as funcións propias deste no seu ámbito territorial.

En cada centro existirá un/unha xefe/a do centro, con categoría de xefe/a de servizo, que exercerá a coordinación do mesmo baixo a dependencia orgánica dos órganos centrais correspondentes».

Disposición adicional

Modifícase o artigo 12 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 12º

a) A Consellería de Traballo estrutúrase nos seguintes órganos superiores.

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
3. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
4. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

b) Queda adscrito a esta consellería o organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral».

Disposición transitoria

Cando, como consecuencia da modificación da estrutura orgánica que se establece neste decreto, se modifique a denominación ou o contido das subdireccións xerais ou dos servizos existentes con anterioridade ou se suprima algunha das devanditas unidades, autorízase o conselleiro de Traballo, por proposta do secretario xeral, para readscribir o persoal afectado a postos do mesmo nivel ou inferior, sempre que sexan postos de libre designación, sendo de aplicación o establecido no artigo 62.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Traballo para ditar as normas complementarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.-As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Traballo realizarán as modificacións que procedan na relación de postos de traballo da Consellería de Traballo, derivadas da modificación da estrutura orgánica obxecto deste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de febreiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 31 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros.

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e o seu Regulamento aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, establecen que para o exercicio das actividades de transportista de viaxeiros e mercadorías por estrada, de axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor deberase acreditar previamente o cumprimento do requisito de capacitación profesional.

A orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, de desenvolvemento do capítulo I do título II do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de expedición de certificados de capacitación profesional, regula a forma e periodicidade mínima destas probas, cuxa convocatoria lle corresponde á Xunta de Galicia con base na delegación de competencias efectuada pola Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de competencias do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.

A experiencia acumulada nestes últimos anos, e a diferenza de anteriores convocatorias únicas, aconsellan a realización de dúas convocatorias anuais, co fin de lles facilitar aos interesados a mellor preparación das materias que abrangue o temario. Ademais, cómpre incidir na transparencia destes procesos, razóns que levan á inclusión nesta convocatoria de normas que terá en conta necesariamente o tribunal designado para a súa realización e avaliación.

Na súa virtude, de conformidade coas previsións contidas na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, na Lei 16/1987, do 30 de xullo, no Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e na Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, e de acordo coa autorización conferida pola Orden da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 8 de xuño de 1989,

DISPOÑO:

Artigo único.-Convócanse probas de capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-*Probas que se convocan.*

1. Convócanse os procesos selectivos das probas de suficiencia para o recoñecemento da capacitación profesional para a actividade de transporte interior e

internacional de mercadorías, e para a de transporte interior e internacional de viaxeiros, que terán lugar na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As probas correspondentes a cada un dos indicados procesos terán lugar en sábado, domingo ou festivo abranguido entre:

-Primeira convocatoria: entre o 1 de maio e o 8 de xuño de 2008.

-Segunda convocatoria: entre o 25 de outubro e o 30 de novembro de 2008.

3. Os aspirantes que cumpran os requisitos para a súa presentación ás probas, poderán facelo en calquera das convocatorias, ou nas dúas sucesivamente; igualmente, en calquera delas poderán presentarse á modalidade de capacitación profesional para a actividade de transporte interior e internacional de mercadorías e máis á de transporte interior e internacional de viaxeiros, ou só a unha delas.

Segunda.-*Requisitos dos aspirantes.*

Para poder participar nas probas de capacitación será preciso ter residencia habitual en Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para tales efectos, presumirase que a residencia habitual do aspirante se atopa no lugar en que figure o seu domicilio no documento nacional de identidade en vigor; só se admitirá que o domicilio sexa distinto ao que apareza no referido documento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

-Que o aspirante acredite que tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, durante cento oitenta e cinco (185) días naturais do último ano contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios;

-Que o aspirante acredite que, sen cumprir o requisito do punto anterior, se viu obrigado por razóns familiares ou profesionais a cambiar a súa residencia en Galicia; non obstante, non se entenderá cumprida esta exixencia nin cando se trate de estadías temporais nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada, nin cando se trate de supostos de asistencia a unha universidade, escola ou centro docente.

Terceira.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para tomar parte nas probas deberán formularse no modelo normalizado que se recolle como anexo I desta resolución, podendo acceder a el, igualmente, no enderezo web <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/109>.

2. Coa solicitude deberase presentar:

a) Fotocopia compulsada do DNI en vigor, achegando, se é o caso, xustificante acreditativo da súa renovación.

b) Impreso de taxa de autoliquidación correspondente á Administración.

c) Nos casos en que, consonte coa base segunda desta resolución, o domicilio que apareza no DNI non

este en Galicia, deberá achegar a seguinte documentación, segundo corresponda:

-Certificado actualizado de empadramento, no cal se acredite que o aspirante tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, cento oitenta e cinco (185) días naturais do último ano, contado desde o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios.

-Cando non se estea no suposto anterior, xunto co certificado actualizado de empadramento achegárase a documentación que acredite que se viu obrigado a cambiar de residencia por razóns familiares ou profesionais; así, por exemplo, achegárase certificado do centro de traballo ou copia do contrato de traballo.

3. As solicitudes, debidamente cubertas, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Transportes (praza de Europa, 5 A, 2ª planta. Área Central-As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), ou por algún dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten, se é o caso, nas oficinas de correos, deberán ir en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario correspondente antes de seren certificadas.

4. Os prazos de presentación de solicitudes establécense do seguinte xeito:

a) Primeira convocatoria: no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Segunda convocatoria: do 1 ao 20 de agosto, incluídos ambos os dous días.

5. A non-presentación da solicitude e o non-pagamento da taxa en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante; igualmente, a consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos aspirantes dará lugar á súa exclusión, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que se faga constar na solicitude considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto o erro na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de Transportes de calquera cambio del.

Cuarta.-*Dereitos de exame.*

1. De conformidade co título VI da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e coa Lei 6/2003, do 29 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, para acceder a estas convocatorias deberá aboarse, en concepto de taxas por dereitos de exame, a cantidade de vinte euros con noventa e oito céntimos (20,98 €) por cada unha das actividades mencionadas a que cada interesado se presente, e por cada convocatoria.

2. O ingreso da/s taxa/s efectuarase en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para

a recadación de taxas e prezos pola Comunidade Autónoma de Galicia; para tal fin, terán que se empregar os impresos de autoliquidación oficiais, que se poderán obter nos servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ou da Dirección Xeral de Transportes, nos servizos provinciais de Transportes, ou nas delegacións provinciais da consellería.

Os impresos de autoliquidación cubriranse indicando os seguintes códigos:

-Consellería de PTOPT; código: 06.

-Delegación de SSCC; código: 13.

-Servizo de Transportes; código: 02.

-Denominación: dereitos exame capacitación; código: 31 01 06.

Quinta.-*Admisión de aspirantes.*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal encargado de avaliar as probas procederá á súa revisión.

Ultimado o proceso, exporase nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Transportes e dos servizos provinciais de Transportes a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación do motivo da súa exclusión.

A devandita lista tamén poderá ser examinada na páxina web indicada na base terceira desta resolución.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da exposición da devandita lista, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

3. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o citado tribunal publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se anuncia a exposición pública das listas definitivas de admitidos e excluídos, nos mesmos lugares e medios en que se expuxeran as relacións provisionais.

4. Devolveránselles os dereitos de exame aos solicitantes excluídos definitivamente das probas, sempre que o soliciten no prazo dun mes contado a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución citada no punto anterior, empregando para o efecto o modelo que figura nesta resolución como anexo II.

Sexta.-*Desenvolvemento das probas.*

1. O lugar, a data e a hora de celebración dos exercicios será acordada polo tribunal e publicada no *Diario Oficial de Galicia* cunha antelación mínima de quince días hábiles á data elixida.

Nesta publicación o tribunal completará as instrucións de funcionamento e desenvolvemento das probas coas indicacións que resulten adecuadas para garantir a súa correcta operatividade, sen menoscabos das que, para tal fin, poida adoptar no mesmo momento da súa realización.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído das probas quen non compareza.

3. Os aspirantes deberán presentarse á realización das probas provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal; a súa omisión dará lugar á súa non-admisión á realización das probas. Recoméndase igualmente que concorran provistos dunha copia da solicitude de admisión e do impreso xustificativo do pagamento das taxas.

4. Realizado o exercicio, os aspirantes poderán obter copia da súa folla de respostas; as respostas que o tribunal considere como correctas publicaranse, como máis tardar, o primeiro día hábil posterior á súa realización na páxina web indicada na base terceira desta resolución.

Publicadas consonte o anterior as relacións de respostas correctas, os interesados disporán do prazo de tres días hábiles para presentar ante o secretario do tribunal as impugnacións que consideren procedentes; no caso de non-presentación directa ante o secretario, para a súa toma en consideración deberá remitirse, dentro do referido prazo, copia da impugnación presentada ao número de fax 981 54 43 51, dirixida ao secretario do tribunal. Pasado o prazo indicado, non se admitirán novas impugnacións de respostas nin se tomarán en consideración as devanditas alegacións respecto da revisión de exames.

Vistas as impugnacións presentadas, o tribunal publicará no mesmo enderezo web a relación definitiva de respostas correctas, que serán as que se terán en conta para a corrección do exercicio.

5. Atendendo ás relacións de respostas declaradas correctas, o tribunal procederá á corrección dos exercicios, debendo o seu presidente adoptar as medidas oportunas para garantir que estes sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes.

A relación provisional de aptos e non aptos, coas puntuacións correspondentes a cada un deles, será exposta no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Transportes, así como publicada na páxina web indicada na base terceira desta resolución. Na resolución do tribunal pola que se proceda á publicación establecerase un prazo de solicitude de revisión de exercicios de dez días hábiles, para que os interesados fagan chegar ao secretario do tribunal as peticións de revisións; para a súa toma en consideración, as solicitudes de revisión que non se presenten directamente ante o secretario do tribunal, deberán adiantarse a este, dentro do referido prazo de dez días, mediante a remisión de copia delas ao número de fax 981 54 43 51.

Revisados os exercicios, o tribunal procederá a adoptar o acordo definitivo de aprobados.

Sétima.-*Estrutura e cualificación dos exercicios.*

1. Os exercicios de que constarán as probas, a súa estrutura, forma de cualificación e áreas de coñecemento, serán os establecidos na orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, pola que se regulan estas probas.

2. Os exercicios constarán de dúas partes:

-Exercicio tipo test, onde se deben contestar 100 preguntas, cada unha delas con catro respostas alternativas;

-Exercicio práctico, consistente en resolver seis supostos prácticos que requiran a aplicación das materias do programa a casos concretos; este exercicio poderá responderse mediante unha explicación escrita ou mediante a selección da resposta correcta entre varias indicadas polo tribunal.

En todo caso, a normativa de referencia ao contido do programa será a vixente no momento de realización da correspondente proba.

3. O tempo dispoñible para a realización dos dous exercicios será de catro horas.

4. Cualificación dos exercicios: os exercicios cualificaranse de cero a dez puntos, consonte as seguintes regras de valoración:

-No exercicio tipo test, cada resposta correcta valorarase con 0,04 puntos, e cada resposta incorrecta restará 0,02 puntos; as preguntas non contestadas ou que conteñan máis dunha resposta non puntuarán positiva nin negativamente.

-No exercicio práctico, cada un dos seis supostos valorarase entre 0 e 1 punto.

Para aprobar o exame, será preciso obter unha puntuación non inferior a 2 na primeira parte nin a 3 na segunda, e que a suma das puntuacións obtidas en ambas as dúas sexa igual ou superior a 6.

Oitava.-*Tribunal.*

1. O tribunal cualificador das probas convocadas estará integrado polo seguinte persoal da Dirección Xeral de Transportes:

Presidente: Antón García Rfo.

Presidente suplente: Xosé Lluís Fernández Suárez.

Vogais: Fidel González Deus, Rodrigo López Asorea e María Mar Estévez Mosquera.

Vogais suplentes: María Elena Nimo Mayo, Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez e Alfonso Tenorio Aranguren.

Secretario: David Conde Varela.

Secretarios suplentes: Marina Cid Dopazo e José Manuel Moure Fernández.

2. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os membros suplentes do tribunal participarán, xunto cos titulares, cando sexa preciso para o bo desenvolvemento das probas.

3. Por cada sesión do tribunal levantarase acta sucinta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

4. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido, estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Para a materialización destas previsións, os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e xuntando á solicitude os documentos xustificativos desta circunstancia. Así mesmo, deberán incorporar á solicitude escrito motivado indicando as adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

5. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios sexan corridos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

6. Para os efectos de cualificación, e de conformidade co Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG nº 122, do 25 de xuño), cualificarase o tribunal como de categoría primeira.

Novena.-*Expedición dos certificados.*

Concluída a cualificación das probas, o tribunal remitiralle á Dirección Xeral de Transportes a relación definitiva de aprobados, para os efectos da expedición dos certificados de capacitación profesional.

Décima.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Transportes, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.cptopt.xunta.es).

b) Os teléfonos 981 54 43 54 e 981 54 45 85, da devandita dirección xeral.

c) Enderezo electrónico: ordenacion.transportes@xunta.es.

Disposición derradeira

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, consonte co previsto polo artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de calquera outro que o interesado considere pertinente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2008.

Mar Chao López
Directora xeral de Transportes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Transportes

ANEXO I

PROCEDIMIENTO PROBAS PARA A OBTENCIÓN DA CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTE POR ESTRADA E OPERADOR DE TRANSPORTE	CÓDIGO DO PROCEDIMIENTO OT312A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

A. DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)			PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

B. PROBAS A QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS . <input type="checkbox"/> TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE VIAXEIROS .
--

(Sinale cun X o/s cadro/s que corresponda/n. De non marcar ningún, considerarase incluído nas probas de mercadorías)

Discapacitado/a: <input type="checkbox"/> SI	Porcentaxe: <input type="text"/> %
--	------------------------------------

A este impreso xuntaráse:

a) Fotocopia compulsada do DNI en vigor ou, se é o caso, xustificante da súa renovación.

b) Impreso de liquidación de taxas. Este pode recollerse na Dirección Xeral de Transportes, servizos provinciais de Transportes ou delegacións da consellería, e cubrirase cos seguintes datos:

CONSELLERÍA: CPTOPT CÓD.: 06
 DELEGACIÓN: SSCC CÓD.: 13
 SERVIZO DE TRANSPORTES CÓD: 02
 DENOMINACIÓN: DEREITOS DE EXAME CAPACITACIÓN TRANSPORTISTA CLAVE: 31.01.06

c) De ser o caso, xustificación de ter o domicilio en Galicia, conforme a base terceira, punto 2, letra c.

d) De ser o caso, documentación xustificativa de padecer unha discapacidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 31 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____		

Presidente do tribunal cualificador das probas de capacitación profesional para a actividade de transportista.
 Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
 Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5A 2º andar. Políg. As Fontiñas - Santiago de Compostela.


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
 OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
 Dirección Xeral de Transportes

ANEXO II

PROCEDEMENTO DEVOLUCIÓN DAS TAXAS DE DEREITOS DE EXAME PARA A OBTENCIÓN DA CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTISTA POR ESTRADA E OPERADOR DE TRANSPORTE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT312B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

A. DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)			PROVINCIA
<input type="text"/>			<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITO:

A devolución dos dereitos de exame das probas de capacitación de transportista.

B. DATOS DA ENTIDADE BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 31 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA